

PREGUNTAS

1. Temos noticias de que se produciron algúns positivos Covid de operarios municipais, queríamos saber ¿Que protocolos se están seguindo? ¿Gárdanse as distancias ou se comparten espáceos a mesma hora?, ¿Que medidas se adoptaron de seguridade co resto de empregados públicos cando se tivo coñecemento do primeiro positivo? Solicitamos copia dos protocolos Covid elaborados polo Concello para o seu persoal

2. ¿Pensa ou seu equipo de goberno seguir presentando recursos xudiciais e apelacións contra resolucións por presentar, sen viabilidade, como estas últimas contra a Xunta de Galicia pola concesión administrativa do manantial da auga quente, e seguir malgastando cartos dos veciños en recursos carentes da mais mínima opción de victoria, segundo os profesionales?. Nos imos estar sempre na defensa do patrimonio público, e evidentemente, se cabe con mais forza, no asuntos vinculados o termalismo, pero cando teñamos a mais mínima opción de obter algo, porque o resto entedemos que roza malversación de caudales públicos, temos a obriga de administralos con criterio.

3. ¿En que situación se atopa o despliegue da ADSL no rural, en especial en Paradela (Bemil), en varios lugares de Arcos, e en xeral en case todos os núcleos rurais?, é competencia exclusiva do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ¿Teñen algunha previsión ou noticia sobre ampliación da rede no rural?.

4. ¿Queríamos coñecer en que situación se atopa o expediente administrativo aberto polas denuncias dos veciños do lugar de Badoucos en Arcos da Condesa en relación ca apropiación dun camiño público por parte dunha veciña do lugar? ¿Que actuacións se levaron a cabo?

5. ¿Que está facendo o equipo de goberno para que o Ministerio de Fomento proceda inmediatamente a reparar o lamentable estado no que se atopa a N^o640 en especial o tramo urbano dende o cruce de Segade de Arriba ata o cruce de Follente?

6. ¿Que pensa facer ca rúa Real no seu entronque con Laureano Salgado no entorno da Burga, que vostedes decidiron cortar, sen aviso previo, para colocar un adorno do Nadal e que pasadas as festas segue cortada?.

7. ¿Cando pensa poñer en servico o rede de saneamento de Fieitoso inaugurada no 2019 e que nunca chegou a funcionar e incluso Augas de Galicia ten aberto expediente por verter sen depurar?

ROGOS

1. Se den as instrucións oportunas para que se movan os contenedores do lixo situados o carón do portal lateral da entrada o Colexio La Encarnación na rúa das Monxas, posto que os alumnos entran e saen por esa zona e na hora de saída se xunta un grupo gran de pais e familiares e resulta un perigo posto que a falta de espáceo está a provocar que algunhas veces resulte imposible gardar as distancias de seguridade polo Covid, sacar de ese entorno todos os contenedores permite xerar mais espáceo e con elo mais seguridade.

2. En relación ca crise sanitaria do Covid e tendo en conta que temos no casco urbán unha Residencia de Anciáns, instalación especialmente sensible con esta pandemia, temos varias peticións para axudar a minimizar os riscos e a mellora da calidade de servizo os usuarios:

- a. Debido o enorme aumento de residuos xerados para o contenedor azul precisase ampliar a frecuencia de recollida ou a instalación de outro adicional.
- b. O sistema de bombeo das augas residuais realizado polo Concello segue a dar problemas pese a que o Centro realiza un mantemento mensual, por elo pregamos que se revise o sistema por si está mal deseñado ou dimensionado.
- c. A empresa que realiza o control de pragas indica que no sótano está aumentando o volume de insectos e que proveñen da rede de sumidoiros pública, por elo solicítase que se faga unha desinfección completa da rede pública de sumidoiros no entorno do centro asistencial.
- d. Os usuarios do centro son na súa maior parte dependentes ou semidependentes, por elo o persoal da residencia é a que, na maioría dos casos, debe acompañalos as citas médicas e a outras xestións, o non dispoñer os vehículos do Centro de tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na maioría das veces resulta imposible aproximar os usuarios, por elo se solicita se faciliten o antes posible polo Concello tarxetas de estacionamento de mobilidade reducida.

3. Voltamos a reiterar a necesidade de solucionar un problema ca rede de sumidoiros e de residuais no lugar de Castaños, parroquia de Santa María, que por culpa de defectos nos colectores se está a anegar o baixo dunha viven do lugar de forma continua durante as épocas de choivas.

4. Moitos veciños nos están transmitindo a necesidade de colocar carteis indicativos para poder chegar o Cemiterio municipal que están en Santa María, tanto na estrada xeral N550 como nos diversos cruces posteriores.

5. Volteamos a requirir, e xa é a cuarta vez, a limpeza da casa consistorial na súas fachadas, en especial todo o lateral que da cara o río Umia que ten unha vexetación que vai chegar o tellado.

6. Que se repoña o firme da finca que se está utilizando como aparcadoiro en Porto do Rio.